

O Atlantic Pride convoca unha nova edición do Certame de Literatura LGTBQ+ para relatos curtos sobre diversidade

Coa idea de tecer unha rede de cultura e activista, o festival organiza, por quinto ano consecutivo, un concurso literario de relato curto sobre diversidade en colaboración coa Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña, a través do club de lectura QUEERuña

O V Certame de Literatura LGTBQ+ pretende visibilizar as diversidades sexuais e de xénero e vivenciar as experiencias minorizadas de todas as persoas LGTBQ+

As obras deberán ser en galego, orixinais e inéditas, de temática libre e con vinculación á diversidade LGTBQ+, e poderán presentarse até o 31 de maio, optado a tres premios en metálico (de 600, 300 e 100€)

O xurado estará composto por integrantes do club de lectura QUEERuña e as obras gañadoras anunciaranse durante a celebración do festival (do 5 ao 12 de xullo de 2026), momento no que terá lugar, tamén, a entrega dos premios

As bases de participación do concurso poden consultarse na páxina web oficial do festival: www.atlanticpride.es/certame-literario

A Coruña, 10 de febreiro de 2026.- O Atlantic Pride convoca unha nova edición do Certame de Literatura LGTBQ+. Coa idea de tecer unha rede de cultura e activista, o festival organiza, por quinto ano consecutivo, un concurso literario de relato curto sobre diversidade en colaboración coa Rede de Bibliotecas Municipais da Coruña, a través do club de lectura QUEERuña, un grupo de lectura que se reúne mensualmente desde o 2016 para ler e debater sobre cultura LGTBQ+.

O V Certame de Literatura LGTBQ+ do Atlantic Pride pretende visibilizar as diversidades sexuais e de xénero e vivenciar as experiencias minorizadas de todas as persoas LGTBQ+. As obras deberán ser en galego, orixinais e inéditas, de temática libre e con vinculación á diversidade LGTBQ+, e poderán presentarse até o 31 de maio, optado a tres premios en metálico (de 600, 300 e 100€).

O xurado estará composto por integrantes do club de lectura QUEERuña e as obras gañadoras anunciaranse durante a celebración da 7ª edición do festival (do 5 ao 12 de xullo de 2026), momento no que terá lugar, tamén, a entrega dos premios. As bases de participación do V Certame de Literatura LGTBQ+ do Atlantic Pride poden consultarse na páxina web:

www.atlanticpride.es/certame-literario

REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderán participar todas as persoas maiores de idade, sempre que as obras sexan en galego, orixinais e inéditas, non publicadas en ningún tipo de formato, nin total nin parcialmente (incluído Internet), non premiadas ou pendentes de decisión en outros concursos, ou á espera de resposta de procesos editoriais. O incumprimento desta primeira base descualifica automaticamente o traballo presentado. Só se admitirá unha obra por persoa. Toda persoa que participe neste certame acepta a cesión da obra para a súa publicación e difusión en outros medios físicos ou dixitais relacionados co Atlantic Pride ou o Club de lectura QUEERuña. Nun futuro, tentarase publicar un libro cos relatos premiados e unha selección do xurado.

TEMÁTICA, EXTENSIÓN E FORMATO

A temática é libre, con vinculación á diversidade LGTBQ+. O texto presentarse a través da páxina web do festival www.atlanticpride.es, en formato pdf e en documento tamaño DIN A4, cunha extensión máxima de 10 páxinas, con tipografía Times New Roman, tamaño 12, interlineado 1.

XURADO

O xurado estará composto por integrantes do club de lectura QUEERuña. As integrantes do club QUEERuña que compoñen o xurado non poderán participar neste concurso. Unha vez finalizado o prazo de presentación, a organización facilitaralle ao xurado todas as obras presentadas ao concurso, tamén en formato dixital, pero sen ningún dato persoal que permita identificar a súa autoría. O xurado realizará a súa valoración en dúas fases: unha individual e outra grupal, que será nun encontro ordinario do club. No caso de existir disparidade de criterios que non permita dirimir as obras premiadas, optarse por realizar unha votación individual coas puntuacións 10, 7, 5, 3 e 1 puntos e as obras gañadoras serán as que maior puntuación acaden. O xurado levantará acta das valoracións e posteriormente remitiralla á organización do certame. Os criterios de valoración o xurados serán, por unha banda, a calidade literaria e a corrección gramatical, e, por outra, a atención a personaxes e historias infrarrepresentadas dentro do espectro LGTBQ+ e a orixinalidade da obra.

PAZOS

O 31 de maio de 2026 será o día de peche da recepción de obras. Durante a celebración do festival (do 5 ao 12 de xullo) anunciaranse as obras gañadoras e farase a entrega dos premios.

PREMIOS

Haberá tres galardóns en metálico (1º premio: 600 €; 2º premio: 300 €; 3º premio: 100 €).

SOBRE O ATLANTIC PRIDE, O 'ORGULLO DO NORTE' CORUÑÉS

Coñecido como o 'Orgullo do Norte', o Atlantic Pride é un festival de música pioneiro, gratuíto e inclusivo que se celebra na cidade da Coruña, destinado a reivindicar a liberdade afectiva, sexual e de identidade dende unha perspectiva lúdica e inclusiva. A cita está impulsada pola Asociación Orgullo Coruña -ORCO- e conta co patrocinio institucional do Concello da Coruña e o apoio da Deputación da Coruña. O Atlantic Pride posúe, tamén, o patrocinio privado de Estrella Galicia, Coruña The Style Outlets e Globalgrafic.

Na súa que na súa 6ª edición, celebrada o pasado mes de xullo de 2025, o Atlantic Pride reuniu a preto de 45.000 persoas. Neste 2026, o 'Orgullo do Norte' regresará á cidade herculina para festexar a súa 7ª edición cos primeiros nomes do seu cartel xa anunciados: Whigfield, Choriza May e Miriam Rodríguez.

O Atlantic Pride nace en 2019 coa vontade de situar á cidade herculina como a capital do bo ambiente e a celebración sen distincións nin barreiras. O proxecto, que trata de aglutinar a todas as capas da sociedade dentro dunha contorna segura e amigable, desenvólvese en torno a varios días de concertos e actividades culturais, coa fin de atraer ao público local e de fóra, como un referente cultural, turístico e social e unha das citas imprescindibles do verán no noroeste peninsular.

Tras seis edicións, o Atlantic Pride consolídase como un espazo de celebración aberto, seguro e diverso, como referente dos 'Orgullos' que se celebran no comezo do verán ao longo da Península e no que teñen cabida coloridas propostas para todos os públicos, gustos e idades.

Así, no Atlantic Pride non faltan concertos de inspiración eurovisiva, grandes nomes do pop galegos, nacionais e internacionais, divertidas actuacións de drags, pinchadas de dj's de referencia da escena galega e estatal e a celebración do Certame Literario de Literatura LGBTQ+, da man do Club de Lectura QUEERuña, que no 2026 afronta a súa quinta edición.

Nos seus xa seis anos de historia, o cartel de Atlantic Pride reuniu figuras como La Terremoto de Alcorcón, La Casa Azul, Ladilla Rusa, Samantha Hudson, Javiera Mena, Grande Amore, Soleá Morente, OBK, Amistades Peligrosas, Fillas de Cassandra, Joe Crepúsculo, La La Love You, Melody, Locomía, Nancys Rubias, Samantha Ballentines, Soraya, Chanel, Lucía Pérez, Las Ketchup, Luna Ki, Mondra, Nena Daconte, Nebulossa, Raúl, Rosa López, Shego, Supreme De Luxe, Vengaboys, Agoraphobia, Anabel Conde, Arantxa Castilla-La Mancha, De Ninghures, David Civera, Edurne, Judeline, Leria, Mayo, Merche ou Nia, entre moitas outras.

CONTACTO DE PRENSA ATLANTIC PRIDE

The Office Comunicación
Luisa Castiñeira | 620 113 155
luisa@theofficeco.es

DESCARGA DO PRESS KIT DO ATLANTIC PRIDE 2026:

<https://cutt.ly/atlantic-pride-2026>

MÁIS INFORMACIÓN:

<https://atlanticpride.es/>